



Concello de  
Ortigueira



# BANDO

## Festival Internacional do Mundo Celta 2024

**JOSE VALENTIN CALVÍN FONDEVILA, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE  
ORTIGUEIRA**

**INFORMA** aos veciños e veciñas do Concello de Ortigueira que co gallo da celebración do Festival Internacional do Mundo Celta deste ano dos días 11 a 14 de xullo, é necesario adoptar unha serie de medidas para garantir a seguridade e fluidez do tráfico, a orde pública e a seguridade cidadá.

**1.-** Entre os **días 10 e 15 de xullo** quedará restrinxido o tráfico de vehículos dende a Avenida da Escola de Gaitas en dirección ás rúas Avenida de As Pontes, Eugenio López, Xosé Buide, Avenida Juan Luís Pía, Luama, Laxás, Vicoña.

**2.-** Non se permite o aparcamento na vía pública nas zonas restrinxidas o tráfico. Os residentes sin praza de garaxe deberán deixar os vehículos na zona da Preguiza, e nos aparcadoiros públicos. Por parte la Policía Local vixiaranse estas medidas e procederase a sancionar o incumprimento.

**3.-** Para a circulación de vehículos a motor por estas rúas é necesario dispor do correspondente pase, que será facilitado polo Concello.

**4.- Para os residentes e vivendas familiares, entregaranse PASES PERMANENTES, que serán recollidos na oficina de Turismo de Lagarea a partir do mércores 15 de maio.**

**Estes pases xa están impresos e publicados nunha táboa, que será publicada nas redes sociais mediante un documento pdf.**

**Cada interesado deberá verificar previamente que súa matrícula está na lista, e entón poderá retirar o pase na oficina de turismo.**

**No caso de non estar, deberá solicitalo a partir do 28 de maio nas oficinas municipais.**

**5.- DEBERÁN SOLICITAR PASE TODAS AS PERSOAS QUE CAMBIARAN DE DOMICILIO, DE VEHÍCULO, OU ALUGUEN UNHA VIVENDA DENTRO DA ZONA RESTRINXIDA AO TRÁFICO.**

Soamente nestes supostos o **prazo de solicitude e dende o 28 de maio no Concello**, e poden pasar a recollelo pola PISCINA MUNICIPAL en horario de 10 a 13 horas a partir do 17 de xuño.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Ortigueira, 13 de maio de 2024.

**O Alcalde - Presidente,**

